

UNS PEQUENOS CONSELLOS

1. **INFÓRMATE** das normas e itinerarios do Parque para evitar impactos que afecten os seus valores. Consulta a previsión do tempo. Se tes dúbidas, pregunta no Centro de Visitantes (praza dos Bolos, s/n Biobra 32004, Rubiá) ou na web patrimonionatural.xunta.gal/.
2. **EQUÍPATE**. Leva roupa e calzado axeitados e realiza actividades acordes coas túas capacidades. Lembra ter sempre cargado o móbil: o 112 é o teléfono de emerxencias e o 062, o da Garda Civil.
3. **MÓVETE** unicamente polas rutas e sendeiros de uso público. Transitar fóra dos camiños perturba a fauna e dana a flora e os hábitats do Parque e tamén pode ser unha vía de introdución de plantas exóticas.
4. **VALORA ESTE TESOURO E NON DEIXES PEGADA**. Extrema a precaución para non molestar os animais ou danar a vexetación. Recolle os teus desperdicios e non deixes rastro do teu paso. Recorda que tampouco debes levar máis do que traes. Cada pedra, planta... ten a súa función no ecosistema.
5. **DEIXA O TEU COCHE** nos aparcadoiros habilitados. Non circules co coche, a moto, quad ou bicicleta fóra das estradas e pistas habilitadas para iso, e faino a unha velocidade moderada.
6. **RESPONSABILÍZATE DA TÚA MASCOTA**. O seu instinto e comportamento natural inciden na fauna e flora local, independentemente de se o animal ten boa conduta e se ten as vacinas ao día.
7. **O LUME PODE DESTRUÍR A VIDA**. Non acendas fogueiras nin tires cabichas.
8. **CONECTA COA NATUREZA** a través dos sentidos, camiña sen préa e goza. Podes participar nalgunha das actividades de educación ambiental gratuítas ofertadas polo Parque.
9. **RESPECTA A POBOACIÓN LOCAL E CONSUME LOCALMENTE**. Hai xente que vive neste parque; valora os seus usos e costumes. Evita obstruír camiños ou accesos a vivendas e non entres en terreos particulares. Facendo uso de tendas, bares e restaurantes da contorna do Parque axudas á economía local.
10. **COLABORA** coa conservación e xestión do Parque Natural. Lembra que non está permitida a acampada libre nin facer lume. Axúdanos a mellorar facendo chegar as túas suxestións ao Centro de Recepción de Visitantes ou a través do correo electrónico servizo.conservacion.natureza.ourense@xunta.gal



Unión Europea

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Máis información en:
cmatv.xunta.gal



Centro de Visitantes
**Praza dos Bolos, s/nº - Biobra
32004 Rubiá (Ourense)**
(+34) 988 386 376 / (+34) 988 386 029



PARQUE NATURAL
SERRA DA ENCIÑA
DA LASTRA

RUTA ORNITOLÓXICA



Ruta por Vilardesilva, Covas,
Penarrubia e Baixo de Páramo

Parque Natural Serra da
Enciña da Lastra



Voitre branco (*Neophron percnopterus*)



XUNTA
DE GALICIA

O Parque Natural Serra da Enciña da Lastra está situado no municipio de Rubiá, ao leste da provincia de Ourense. Ten unha extensión de 3.150 hectáreas. Foi declarado parque natural a principios de 2002 e ten unha extensión de 3.150 hectáreas, das que 1.742 ha están incluídas na Rede Natura 2000. O Parque Natural abrangue a serra e un val calcario de pendentes pronunciadas e cantís, entre os que destacan a Pena Falcueira, o Val do Inferno ou os Penedos de Oulego. O río Sil discorre polo extremo oriental do parque, remansado nese tramo polo encoro de Penarrubia. O outro curso de auga permanente é o río Galir, ademais da existencia doutros regatos estacionais.



A existencia de grandes cantís calcarios, extensas manchas forestais e de matogueira que provén de alimento, con ambientes agrarios tradicionais ben integrados e, en suma, a elevada diversidade de hábitats nunha área de transición entre os climas atlántico e mediterráneo, son determinantes para a existencia da maior comunidade de aves nidificantes de Galicia, con máis de 100 especies, cunha excelente representación de avifauna rupícola e mediterránea no ámbito galego e unha rica poboación de aves rapaces. Ademais, o Parque Natural está declarado como zona de especial protección para as aves (ZEPA) xa que acolle especies de aves que deben ser obxecto de medidas de conservación especiais en canto ao seu hábitat.

OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

- Zona especial de conservación (ZEC) Serra da Enciña da Lastra
- Zona de especial protección para as aves (ZEPA) Serra da Enciña da Lastra.

SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA: UN PARQUE NATURAL DE GRAN VALOR PARA AS AVES

As aves representan un dos principais valores ambientais deste espazo natural protexido. Destaca por ser o de maior número de especies nidificantes de Galicia, chegando case ao cento delas. Pola súa posición, ademais, existe unha variada mestura de avifauna de orixe eurosiberiana con mediterránea, que están ligadas aos diferentes ecosistemas presentes. Acolle tamén numerosas especies de distribución moi localizada ou mesmo única. Un dos maiores atractivos desta serra é a gran presenza de aves propias de medios de montaña e rochosos, destacando especialmente a diversidade de aves rapaces. Neste parque nidifican as escasas e ameazadas **aguia real** (*Aquila chrysaetos*) e o **bufo real** (*Bubo bubo*) e tamén o **falcón peregrino** (*Falco peregrinus*) e o visitante estival **voitre branco** (*Neophron percnopterus*). Tamén podemos observar durante todo o ano as ruidosas **choias** (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*) ou o **merlo azul** (*Monticola solitarius*), o escasísimo **gabeador vermello** (*Tichodroma muraria*), que visita o parque natural no inverno, ou o **pedreiro rubio** (*Oenanthe hispanica*) e o **pedreiro cincento** (*Oenanthe oenanthe*), que chegan no verán.



Aguia real (*Aquila chrysaetos*)

Nas zonas de bosques tamén habitan aves rapaces como a **aguia calzada** (*Hieraaetus pennatus*), a **cobreira europea** (*Circaetus gallicus*) ou o **abelleiro europeo** (*Pernis apivorus*), xunto con especies de paxaros como o **ouriolo** (*Oriolus oriolus*), o **bicogroso** (*Coccothraustes coccothraustes*), o **peto**

formigueiro (*Jynx torquilla*) ou o **rabirrubio de testa branca** (*Phoenicurus phoenicurus*). As matogueiras son hábitat na primavera do **picanzo cabecirrubio** (*Lanius senator*) e do **picanzo vermello** (*Lanius collurio*), así como da **papuxa carrasqueira** (*Sylvia cantillans*) e da **papuxa do mato** (*Sylvia undata*) que amenizan co seu canto, mentres que o ceo se tingue coas cores do **abellaruco** (*Merops apiaster*) e o canto do **rousinol bravo** (*Cettia cetti*).



Picanzo vermello (*Lanius collurio*)

No encoro de Penarrubia despregan as súas coreografías nupciais na primavera e verán o **mergullón cristado** (*Podiceps cristatus*), pescan as **garzas reais** (*Ardea cinerea*) e o **picapeixe** (*Alcedo atthis*), e voan con pasadas a rente da auga a **anduriña común** (*Hirundo rustica*) e a **anduriña dáurica** (*Cecropis daurica*) e é fácil de observar tamén a **aguia peixeira** (*Pandion haliaetus*).



Mergullón cristado (*Podiceps cristatus*)

Cobreira europea (*Circaetus gallicus*)
Aguia grande, coas ás moi longas e anchas. Única aguia que planea a grande altura e vai baixando gradualmente ata capturar a súa presa. Aliméntase case exclusivamente de réptiles, sobre todo serpes. Visita o parque natural nos meses estivais.



Falcón peregrino (*Falco peregrinus*)
Destaca a máscara negra que lle cobre os ollos e as súas ás de tamaño mediano con puntas moi afiadas e a cola mediana, o que lle dá forma de áncora. Cando voan baten as ás moi rápido e caen sobre a súa presa desde grande altura a moita velocidade para abatela dun forte golpe. Residente no parque natural, aniña nos cortados rochosos dos cantís da serra.



Voitre branco (*Neophron percnopterus*)
Este rechamante voitre, que se encontra ameazado en Galicia, ten no parque natural un dos poucos lugares de nidificación confirmados en Galicia. É de hábitos preeiros, aínda que come tamén ovos que escacha usando pedras e caza pequenas presas.



Mergullón cristado (*Podiceps cristatus*)
O maior dos mergullóns galegos, de peteiro longo e afiado, que destaca pola súa característica crista de plumas. De carácter confiado, é posible velo realizando unha "danza" espectacular durante o cortexo nupcial. Asóciase a ecosistemas de augas abertas. Cría no encoro de Penarrubia, onde pesca mergullándose suavemente, sen salpicar.



Aguia real (*Aquila chrysaetos*)
É unha das máis grandes aves rapaces, cunhas longas ás que rematan en "dedos" destacados. Cor escura bastante uniforme, con reflexos dourados na cabeza e nas ás. Caza desde aves a grandes mamíferos, coa técnica da remontada e o picado. Moi escasa e en perigo de extinción, é o parque natural un dos poucos lugares onde cría en Galicia.



Abelleiro europeo (*Pernis apivorus*)
Ave rapaz de mediano tamaño e con plumaxe moi variada. Destaca a cabeza de cor gris e con ollos amarelo intenso. Voaa con fortes e grandes batidos de ás e é moi bo planeando. Aniña en grandes árbores e aliméntase especialmente de larvas de abellas e avespas. Visita o parque nos meses estivais, xa desde abril ata setembro.



Gabeador vermello (*Tichodroma muraria*)
Ave de alta montaña inconfundible polas súas cores, especialista en gabear polas paredes rochosas para capturar insectos nos buratos co seu peteiro longo e curvado. Bate as ás cando está pousado. Ave escasa, difícil de ver, aparece nos cumes da serra no outono e permanece todo o inverno (entre outubro e marzo).



Picapeixe (*Alcedo atthis*)
De cores moi rechamantes e con reflexos "metálicos", destacan o corpo e ás azuis iridescentes e o peito laranxa. Ten un voo directo e utiliza unha percha para localizar os pequenos peixes que pesca despois dun rápido picado. Aniña en buratos de paredes nas beiras dos cursos de auga. É sedentario, polo que podemos observalo en todas as estacións do ano.



Choia (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*)
De voo ondulado e moi acrobático, onde se aprecian nas puntas das ás como "dedos". É unha ave social e gregaria, vense en parella ou normalmente en bandadas moi ruidosas. Aliméntase no chan, entre pasteiros e cultivos. Podemos vela durante todo o ano na Enciña da Lastra.



Abellaruco (*Merops apiaster*)
Este visitante estival do parque natural é inconfundible polas súas múltiples cores, onde se mesturan o azul, verde, amarelo e vermello. Anteface negra e peteiro longo curvado cara abaixo que emprega para capturar as abellas, avespas e libélulas das que se alimenta. Cría en colonias en cortados do terreo ou canteiras abandonadas escavando túneles para aniñar.



Ruta ornitolóxica:
Vilardesilva, Covas, Penarrubia e Baixo de Páramo
As rutas sinalizadas do parque natural que discorren nas proximidades do encoro de Penarrubia, Covas e Vilardesilva permítenos ao longo dun pequeno paseo descubrir varias das especies de aves que alberga este espazo natural. Unha delas é a **Ruta do Val do Sil**, de 5 km, que desde Covas nos achega a Vilardesilva e que podemos continuar pola **Ruta do Caleiro**, que descende 2 km ata o encoro de Penarrubia. A outra é a **Ruta de Baixo de Páramo**, que discorre pola outra banda do encoro de Penarrubia e que en apenas 1 km nos achega ao encoro de Penarrubia por un camiño que discorre baixo do Alto de Páramo.

Época recomendada:
Algunhas especies de aves poden verse todo o ano, outras só na época de outono e inverno, pero son os meses de verán (desde marzo a setembro) o momento con maior diversidade de aves pola gran cantidade de especies estivais que visitan o parque e nidifican.